



BOP

VENRES, 26 DE ABRIL DE 2019

N.º 095

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Anuncio de abril do 2019 do Concello de Baleira (provincia de Lugo) polo que se empraza a persoa interesada para ser notificada por comparecencia no expediente 540/2018.

Despues de tentada a notificación persoal nos termos estabrecidos no artigo 42.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade co disposto nos seus artigos 44 e 46, emprázase á persoa interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto obxecto de notificación foi adoptado pola Corporación Municipal en Pleno do Concello de Baleira na sesión plenaria ordinaria do 04 de abril do 2019.

A comparecencia para coñecer o texto íntegro do acto obxecto da notificación deberá efectuarse no prazo de DEZ DÍAS hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, nas oficinas da Casa do Concello de Baleira situada na Avenida Doutor Escobar s/n, da localidade de O Cádavo, en horario de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres.

A eficacia deste anuncio quedará supeditada á súa publicación no taboleiro edictal único (TEU) do Boletín Oficial do Estado (BOE).

Transcorrido o devandito prazo de dez días desde a publicación no taboleiro edictal único (TEU) sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Baleira abril do 2019.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

ANEXO Expediente 540/2018

Persoa interesada: NIE X04937017 K

Acto obxecto de notificación: acordo adoptado pola Corporación Municipal en Pleno na sesión ordinaria do 04 de abril de 2019 (expediente 540/2018) en relación á recuperación de ben de titularidade do concello situado na Rúa da Feira, baixo, da localidade de O Cádavo (Baleira).

R. 1166

A FONSGRADA

Anuncio

Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao primeiro bimestre do ano 2019

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 1º bimestre do ano 2019, a Xunta do Goberno Local do Concello da Fonsagrada, na sesión celebrada o día 10 de abril de 2019,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 1º bimestre do ano 2019.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 11.04.2019 ao 11.06.2019, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 17 de abril de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1167

Anuncio

Por Xunta de Goberno Local de data 10.04.2019, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2019 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9.797,92 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 763,20 €.

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 17 de abril de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1168

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

Argelio Fernández Queipo, alcalde - presidente do Concello da Fonsagrada (Lugo)

Visto que por acordo do Pleno do Concello da Fonsagrada de data 11 de xaneiro de 2018 aprobouse, xuntamente co orzamento municipal, a plantilla de persoal deste Concello para o ano 2018, sendo publicados íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 42 de data 21 de febreiro de 2018.

Visto que no citado Anexo de persoal figuran vacantes e dotadas orzamentariamente diversas prazas cuxa cobertura se considera necesaria no presente exercicio para o bo funcionamento dos servizos municipais.

Visto que por resolución de alcaldía deste Concello de data 28 de febreiro de 2018 aprobouse a oferta de emprego público para o ano 2018 publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 58 de 12 de marzo de 2018, que contén os seguintes postos de traballo:

Persoal funcionario:

Grupo	Subgrupo	Escala	Nivel	Núm. Vacantes	Denominación
C	C1	Básica	18	1	Policía local

Visto que o Concello da Fonsagrada acordou delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de corpo de policía local do Concello da Fonsagrada e asinou o convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e ás prazas de auxiliares de Policía Local entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da xunta de Galicia e o Concello da Fonsagrada.

Visto o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, quenda libre, convocado por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 4 de xullo de 2018 (DOG Núm. 134 de 13 de xullo de 2018).

Visto que, con data 25 de marzo de 2019 se comunica por parte da Academia Galega de Seguridade Pública que, tras o remate do proceso selectivo e acto de elección de praza, a persoa que tendo superado o proceso selectivo foi designada para o Concello da Fonsagrada é D.Iván Pérez Soto, con DNI númxx3245xxx.

Vista a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria aportada para o seu nomeamento como funcionario en prácticas.

ACORDO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionario en prácticas, para a realización do oportuno curso na Academia Galega de Seguridade Pública, da escala Administración Especial, subescala ServizosEspeciais, Policía local en prácticas do Concello da Fonsagrada, D. Iván Pérez Soto con DNI xx3245xxx, con data de efectos do 22 de abril de 2019.

Segundo.- Comunicar a presente resolución ao aspirante nomeado,a efectos de que proceda á toma de posesión como funcionario en prácticas.

Terceiro.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, na Fonsagrada a 16 de abril de 2019 do que eu secretario interventor interino, dou fe.

O alcalde. Argelio Fernández Queipo.

Ante min, O secretario interventor interino, Jesús González González.

R. 1169

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

Por Decreto número 19003109, de data 10 de abril de dous mil dezanove, aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2019, que se expón ao público na Unidade de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 10 de abril de 2019.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUCTURAS URBANAS. Manuel Núñez López.

R. 1170

MONTERROSO

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data dezaoto de abril de 2019, resolveuse a aprobación do seguinte:

- Padrón correspondente ao ano 2019 de taxa pola recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos ó Centro Penitenciario.

A través do presente anuncio expóñense ao público os citados padróns por un período de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos de exame e reclamacións, entendéndose elevados a definitivo si, transcorrido o dito prazo de exposición pública, non se formula reclamación algunha.

Contra o acto de aprobación do padrón, e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interponer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición ó público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, de acordo con canto se establece no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 18 de abril de 2019.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1171

A PONTENOVA

Anuncio

EMPRAZAMENTO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 0000127/2019 F DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO

Neste Concello recibíuse emprazamento polo recurso contencioso-administrativo que de seguido se cita:

Órgano xurisdiccional: Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Lugo.

Número: Procedemento Abreviado 0000127/2019 F.

Recorrentes: Luis Fernández Veiga.

Acto recorrido: Acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, adoptado na sesión celebrada o día 27 de decembro do 2018, polo que se desestima o recurso potestativo de reposición contra o acordo do devandito órgano en data 25 de outubro do 2018, no expediente de reclamación de débeda tributaria liquidada por contribucións especiais.

De Conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, por medio do presente anuncio, emprázase ás persoas interesadas para que podan persoarse no procedemento sinalado, perante o órgano referido, no prazo de 9 días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pontenova, 23 de abril do 2019. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1188

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobado o PADRON de:

-Tasa SAF periodo SETEMBRO de 2018.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 01 de ABRIL 2019 ao 01 de XUÑO de 2019.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de Caixa Galicia - Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Caixa Galicia.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 29 de marzo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1172

O VICEDO*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 17 de abril de 2019, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio de 2019, bases de execución, cadro de persoal, retribucións e fontes de financiamento. Consonte ó establecido no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría - Intervención deste Concello por prazo de 15 días - que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo-, a efectos de que durante o mesmo se poida examinar o expediente polas persoas lexitimadas e formularen as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde - Presidente desta Corporación.

O Vicedo, 17 de abril de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1173

ADMINISTRACIÓN DE XUZTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO***Anuncio*

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 121/2017 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. JAVIER PADIN RODRIGUEZ contra LUTYSMA SL sobre DESPIDO, se ha dictado decreto de fecha 15/04/2019, cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Acuerdo:

a) Declarar a la ejecutada LUTYSMA SL, en situación de **INSOLVENCIA** por importe de **40.792,44 euros**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.

b) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga**

procesal de las partes y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323000064012117 en el BANCO SANTANDER, LUGO. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a LUTYSMA SL, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a quince de abril de dos mil diecinueve.-**EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1174